

Informe da Directora. Xunta de Escola, 12 de novembro de 2020

1 Reunións de traballo

- 24 de xullo. Asistencia da directora á sesión da Comisión de Calidade da UVIGO.
- Reunións da Comisión Permanente: 30 de xullo, 10 e 29 de setembro, 16 e 27 outubro.
- Reunións da Comisión de Calidade: 30 de xullo e 30 outubro.
- 7 de setembro. Asistencia da directora á reunión convocada polo Reitor en relación á organización do curso 2019/20.
- 14 de setembro. Asistencia da directora, como responsable COVID19 do centro, á sesión formativa organizada polo SPRL e a Vicerreitoría de Planificación da UVIGO.
- 18 de setembro. Reunión da directora cos responsables do programa STEMBach do IES María Soliño.
- 6 de outubro. Asistencia de Guillermo García, en calidade de Coordinador de Calidade do centro, á reunión convocada polo Director da Área de Calidade para presentar a Axenda Básica de calidade 2020/21 aos coordinadores de calidade dos centros e explicar o novo enfoque dos procedementos que se renovan este curso.
- Asistencia da directora, como responsable COVID19 do centro, ás sesións informativas semanais da Vicerreitoría de Planificación: 7, 14 e 23 de outubro, 4 e 11 de novembro.
- 20 de outubro. Asistencia da directora como responsable COVID19 do centro á reunión convocada polo Vicerreitor de Planificación para a organización da realización dos tests serolóxicos ao alumnado.
- 27 de outubro. Asistencia da directora á reunión convocada pola Vicerreitoría de Planificación en relación á dotación orzamentaria do ano 2020.
- 27 de outubro. Reunión de traballo da Directora e David Patiño co persoal do IES María Soliño (Cangas) para o desenvolvemento do Programa STEMBach. A Escola foi seleccionada polo IES para desenvolver o Programa STEMBach para 9 estudantes coa temática do grupo de investigación de Tecnoloxías Enerxéticas.
- 30 de outubro. Reunión da directora coa Delegación de Alumnado.
- Asistencia de Luisa Álvarez Zaragoza, en representación do centro, á actividade organizada pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, e que consistiu nunha viaxe á zona mineira de Riotinto (Huelva).

A Directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

2 Mobilidade e Internacionalización

2.1 Programa Erasmus+

No relativo á mobilidade do alumnado alleo (mobilidade entrante), este curso recibimos no centro a 6 estudantes baixo o convenio Erasmus+ (táboa seguinte).

Universidade de orixe	País	Mobilidade
ESAIP, Angers	Francia	Erasmus+
ESAIP, Angers	Francia	Erasmus+
Universidad de Saboya, Chambéry	Francia	Erasmus+
ESAIP, Angers	Francia	Erasmus+
ESAIP, Angers	Francia	Erasmus+
ESAIP, Angers	Francia	Erasmus+

No relativo á mobilidade saínte, 9 estudantes rexeitaron a mobilidade pola alarma sanitaria COVID e 5 estudantes (4 do Grado EE e un estudante de Máster) están a desfrutar da bolsa Erasmus+ na AGH University (Cracovia, Polonia), na Karlstad University (Suecia) e na National Technical University (Athens).

Agradécese a labor realizada por Iago Pozo como responsable de RRII do centro.

3 Igualdade

3.1 Conferencia

O Enlace de Igualdade do centro organizou a conferencia “O sesgo de xénero na docencia universitaria”, impartida pola conferenciante Llerena Perozo Porteiro, especialista en comunicación e xénero, conferencia que se celebrou o 27 de outubro de 2020, asistindo 15 persoas (profesorado e alumnado).

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/que-graos-informatica-122-alumnado-sexan-mulleres-fracaso-social>

3.2 Curso-obradoiro

O Enlace de Igualdade do centro organizou o curso-obradoiro para PDI, de 3 horas de duración, o 29 de outubro de 2020: “Como identificar e evitar sesgos de xénero na docencia universitaria”. O obradoiro foi conducido por Llerena Perozo Porteiro e participaron 30 persoas.

As dúas actividades foron financiadas polo Area de Igualdade a través da convocatoria de axudas para a organización de actividades docentes que promovan perspectiva de xénero na Universidade de Vigo.

Agradécese a labor realizada por Teresa Rivas e Javier Vijande na organización destas actividades.

4 Mentorización

As persoas mentoras da Escola realizaron dúas reunións cos seus grupos de alumnado de novo ingreso:

30 de setembro. Tema tratado: Presentación do programa MEET.

21 de outubro. Tema tratado: Xestión do tempo.

As persoas que realizan a labor de mentorización no curso 2020/21 son:

- Marta María Caride Pérez
- Carmen Alonso Pérez
- Belén Parente Artime
- Paula Vázquez Hernández
- Juan Comesaña Cabral
- Rubén Pereira Castrillón
- Cecilia Pastoriza Puga

Agradécese o traballo realizado por Ángeles Saavedra, Eduardo Liz e Itziar Goicoechea como responsables do programa de mentorización do centro e ao estudantado que participa nas tarefas mentorización.

5 Sistema Garantía Calidade

5.1 Renovación da certificación de implantación do Sistema de Calidade da Escola

O 22 de setembro a Universidade trasladou á ACSUG a solicitude do centro para a renovación da certificación de implantación do SGIC, que implica a avaliación do IRPD e da documentación recollida na plataforma do SGIC da UVIGO, e a realización dunha visita ao centro que se realizará de xeito non presencial no mes de decembro. A directora agradece a labor realizada por Guillermo García como coordinador de Calidade do centro no relativo á elaboración da documentación da solicitude.

5.2 Aplicación da cláusula correctora das cualificacións

O 29 abril o Consello de Goberno da UVigo aprobou unha medida co obxectivo de introducir unha compensación nas notas do alumnado, caso de detectarse unha diminución significativa nos resultados académicos correspondentes ao período de vixencia do estado de alarma, respecto dos cursos anteriores, e que ese descenso nas cualificacións puidese considerarse atribuíble ao paso da docencia presencial á virtual. O acordo recolle que se considera que os resultados son significativamente inferiores cando a media da materia deste curso ou a ratio de estudantes aprobados, respecto dos presentados, sexan inferiores á media dos cinco cursos anteriores menos dúas veces a desviación típica destes parámetros.

Desde a Vicerreitoría de Captación de Estudantes, Alumnado e Extensión Universitaria solicitouse informe do centro en relación á aplicación da cláusula UVIGO para 4 materias que se axustaban aos criterios indicados no acordo de Consello de Goberno para a súa aplicación. A Comisión Permanente valorou que non estaba xustificada a aplicación da cláusula a ningunha das materias sinaladas (por diferentes motivos). Na Resolución Reitoral de 4 agosto resólvese que se aplica á materia “Mecánica de fluídos”, nas dúas titulacións de grao, e cun axuste de 2.1 puntos.

6 Difusión e divulgación

6.1 Envío de información aos centros de IES e Bacharelato

En xuño e setembro enviouse a tódolos centros de ensinanza de ESO e Bacharelato de Galicia a información coa oferta do centro de actividades de difusión, divulgación e formación: taller de recoñecemento de minerais, charlas divulgativas e monográficas, exposición itinerante, xornadas de portas abertas, Aula aberta á TecnoCiencia. A Directora invita ao persoal docente e investigador a participar nestas actividades de difusión e divulgación. A listaxe de charlas monográficas é a seguinte:

- Materiais intelixentes e outras aplicacións (dirixida a estudantes de química)
- Física Re-Creativa: <http://www.clickonphysics.es/>
- Recursos minerais en Galicia/España
- Termografía infravermella para a inspección de instalacións enerxéticas
- Aplicacións da termografía infravermella no campo dos recursos naturais e medio ambiente
- Aspectos medioambientais na explotación de recursos
- Explotación de petróleo e gas natural

- Restauración de espazos afectados por explotacións mineiras
- Escándalo das emisións en motores diésel (*Dieselgate*)
- Conservación do *street art* (dirixida a estudantes de química, ciencias da terra e xeoloxía)
- Tecnoloxía láser aplicada á conservación do Patrimonio construído
- ¿Que fai un/unha enxeñeiro/a de minas conservando patrimonio cultural?
- Minaría espacial
- Sustentabilidade na explotación de recursos mineiros
- A chispa azul: a enerxía do mar.
- Cambio climático e o seu efecto en estruturas críticas
- A muller na enxeñaría.

6.2 Presentación “Aula Aberta á TecnoCiencia” no concurso Ciencia en Acción.

José Santiago Pozo, en representación do centro participou no Congreso internacional virtual de Ciencia en Acción, celebrado o 2 de outubro, presentando a actividade da “Aula Aberta á TecnoCiencia”, na que traballan José Benito Vázquez, María Araújo, Raúl Figueroa, Iván Garrido, Roi Otero, David Patiño, Raquel Pérez e Iago Pozo.

6.3 Concursos

Convocáronse seis concursos do centro (Enfoca.RME, Excava.RME, Enerxiza.RME, Curtametraxes Enerxéticas, MULLE.RME e EME.PACUXA), algúns deles destinados de forma específica ao estudantado de ESO e Bacharelato. A información está dispoñible na web do centro.

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/>

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/institutos/divulgacion/concursos/>

ENFOCA.RME 2020: Trátase dun concurso de fotografía e vai dirixido ao público en xeral. Acéptanse fotografías sobre recursos mineiros e enerxéticos: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e de rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc. A data límite de envío de fotografías é o 22 de novembro de 2020. A entrega de premios será na primeira semana de decembro de 2020 na EME.

CURTAMETRAXES ENERXÉTICAS 2020. Este concurso vai dirixido ao público en xeral. Trátase de realizar unha curtametraxe de 5 a 10 minutos, onde se amose un tema relacionado con enerxía eficiente, reciclaxe, desenvolvemento sustentable, enerxías renovables, etc. As curtametraxes serán enviadas á EME gravadas nun CD ou a través dun programa de transferencia de arquivos ao e-mail eme@uvigo.es antes do 22 de novembro de 2020. A entrega de premios será na primeira semana de decembro de 2020 na EME.

ESCAVA.RME 2021: O concurso está dirixido ao estudantado de 3º-4º ESO, bacharelato e ciclos formativos e poderán amosar os seus coñecementos en pneumática, hidráulica ou robótica coa construción dun equipo capaz de cargar area. O concurso e entrega de premios celebraranse na EME en maio de 2021. Os equipos interesados deberán enviar a folla de inscrición antes do 30 de xaneiro de 2021.

ENERXIZA.RME 2021. O concurso está dirixido ao estudantado de 3º-4º ESO, bacharelato e ciclos formativos e poderán amosar os seus coñecementos en pneumática, hidráulica, robótica e recursos enerxéticos na construción de maquetas interactivas: vivendas eficientes, centrais de enerxía renovable - eólica, xeotermia, hidráulica, etc. O concurso e entrega de premios celebraranse na EME en maio de 2021. Os equipos interesados deberán enviar a folla de inscrición antes do 30 de xaneiro de 2021.

MULLE.RME 2021. Trátase dun concurso de fotografía e vai dirixido ao público en xeral. A temática versa sobre as mulleres nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas,

materiais e enerxía: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rocas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc. A data límite de envío de fotografías é o 5 de marzo de 2021. A entrega de premios será en marzo de 2021 na EME durante a xornada de conmemoración do Día Internacional da Muller.

6.4 Redes Sociais

Solicítase información ao PDI do centro sobre a súa actividade investigadora e recibíuse información máis completa que o ano pasado. Solicítase se manteña a información actualizada enviando un e-mail a eme@uvigo.es.

6.5 Información na Web

No relativo á estrutura e contidos da web do centro foi necesario habilitar un espazo específico coa información relativa ao Plan de Prevención e Control do centro e a información sobre as medidas en materia de prevención e control sanitario. Ademais foi necesario actualizar a información relativa aos dous plans de estudo das titulacións de grao: os plans novos e os antigos.

No relativo a información do profesorado, a Directora informa ao profesorado da necesidade de actualizar a información dispoñible na web do seu CV e titorías (enviando correo electrónico a eme.negociado@uvigo.es, de ser posible, en castelán, galego e inglés).

Agradécese a Iago Pozo o labor desenvolvido nestas actividades como responsable de actividade de difusión e divulgación do centro.

6.6 STEMBach

O centro ten activa a colaboración cos seguintes IES:

- A Paralaia (Moaña). Bienio 2019/21 (6 estudantes) e bienio 2020/22 (5 estudantes)
- María Soliño (Canas): Bienio 2020/22 (9 estudantes)
- Santiago Apóstol (Redondela) 1 estudante
- Laxeiro (Lalín): fases iniciais de colaboración.

Agradécese a David Patiño e Raquel Pérez o traballo de coordinación e titorización dos proxectos.

7 Desenvolvemento das titulacións

7.1 Sesión informativa MUEM

O 31 de xullo tivo lugar unha sesión informativa sobre o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, dirixido ao estudantado dos graos do centro.

7.2 Defensa TFG/TFM

7.2.1 Convocatoria extraordinaria setembro 2019/20

A defensa de TFG/TFM da convocatoria extraordinaria do curso 2019/20 realizouse nas seguintes datas:

17 de setembro: Defensa de TFG: Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (4) e Grao en Enxeñaría da Enerxía (5)

19 de setembro. Defensa de TFM (3)

7.2.2 Convocatoria Fin de Carreira

O 5 de outubro realizouse o acto de exposición pública dos TFG da convocatoria Fin de Carreira (3 de cada grao).

7.3 Xornada de benvida ao estudantado de novo ingreso dos graos

O 17 de setembro celebráronse dúas sesións da Xornada de Benvida para o estudantado de novo ingreso nas titulacións de grao do centro, asistindo un total de 27 estudantes. Participaron no desenvolvemento desta xornada o equipo directivo, persoal do programa de Mentorización, Enlace de Igualdade do centro, Coordinadora de Primeiro Curso, Carmen Romo en representación do persoal de administración do centro e Delegación de Alumnado.

Agradécese ás persoas involucradas nestas actividades a súa participación.

7.4 Xornada de benvida ao estudantado de novo ingreso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

O 21 de setembro celebrouse a Xornada de Benvida para o estudantado de novo ingreso do Máster en Enxeñaría de Minas, actividade organizada pola coordinadora da titulación.

7.5 Datos de matrícula

Unha vez pechados todos os prazos de matrícula, os datos finais son os seguintes:

- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: 6
- Grao en Enxeñaría da Enerxía: 42
- Máster en Enxeñaría de Minas: 6 alumnos.

8 Prevención de riscos e control sanitario

8.1 Sesións informativas en materia de prevención e control sanitario

Realizáronse varias sesións informativas en relación ás pautas a seguir en materia de prevención e control sanitario:

10 de setembro: 3 sesións informativas (estudiantado de 2º, 3º e 4º curso dos dous graos)

11 de setembro: sesión informativa dirixida a todo o profesorado do centro

11 de setembro: sesión informativa para o estudantado do MUEM.

8.2 Realización test serolóxicos

Entre os días 21 e 30 de outubro o centro organizou, de forma coordinada coa Vicerreitoría de Planificación e as Escolas de Enxeñaría Industrial e de Enxeñaría de Telecomunicación a realización dos tests serolóxicos ao alumnado dos tres centros. No caso da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía realizou o test o 55% do alumnado do centro, sendo todos os resultados negativos. Trasládase o agradecemento ao PDI e alumnado do centro pola colaboración e participación no proceso.

8.3 Sala COVID19

Habilitáronse unha Sala COVID e un protocolo de actuación comúns para a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

8.4 Control e seguimento de casos COVID19 no centro

En relación aos casos COVID no centro, desde o comezo da actividade docente presencial (14 de setembro) ata a data, identificáronse 10 casos nos que a persoa tivo pautada corentena por contacto cun positivo externo. Actualmente hai un caso dunha persoa con corentena pautada por contacto con un caso positivo externo e pendente de realización de PCR.

9 Información de procedementos administrativos e/ou académicos

9.1 Prácticas de Campo

A Directora informa de que se publicou a convocatoria de Prácticas de Campo para o curso 2020-2021 e aprobouse a realización de 17 saídas de campo. Na data actual, a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado trasladou a recomendación de que non se realizasen, polo que se suspende a realización destas actividades ata novo aviso.

9.2 Planificación das enquisas de avaliación docente

Este ano non se habilitou o procedemento de planificación das enquisas de avaliación docente para as materias do primeiro cuadrimestre. En base a información trasladada desde a Área de Calidade, é posible que este ano se realicen de forma non presencial.

10 Recursos materiais e servizos

10.1 Axudas solicitadas

Solicitouse unha axuda ao Consello Social para acondicionar o espazo do “Aula Aberta á TecnoCiencia”, pendente de resolución.

Solicitouse unha axuda á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, estudantes e Extensión Universitaria, para a realización de actividades extracurriculares. Foi concedida unha cantidade de 2200 €.

10.2 Incorporación bolseiras

Con data 1 de outubro Carmen Filgueira incorporouse como bolseira de formación do centro para realizar actividades de divulgación científica e está a traballar baixo a titorización de Iago Pozo, responsable destas actividades no centro. Unha das bolsas quedou vacante polo que está aberta unha segunda convocatoria para cubrir esta praza ata o 16 de novembro. A dedicación é de 15 horas/semana.

O 1 de outubro incorporouse ao centro Laura Iglesias como bolseira para desenvolver actividades relacionadas cos sistemas informáticos no curso 2020/2021. Terá unha dedicación de 15 horas/semana, e traballará baixo a titorización da persoa responsable de infraestruturas no centro.

10.3 Equipamento alumnado e profesorado

Na Escola está a impartirse a docencia en modalidade completamente presencial. Con todo, como se adiantou nas sesións informativas de comezo de curso, o centro debe estar preparado ante un posible cambio de docencia á modalidade non presencial se cambian as condicións sanitarias (por aula, curso ou titulación). De momento, e dadas as condicións da Escola, non foi necesario activar esta modalidade. Para estar preparados e dispoñer de información actualizada das persoas que puideran ter algún tipo de dificultade para seguir ou impartir a docencia non presencial (problemas de equipamento, conectividade, etc.) solicitouse que, quen non dispoña no seu domicilio de recursos apropiados para seguir con normalidade a docencia non presencial se esta

se activase, o comunique á maior brevidade, para tratar de valorar algunha solución se esta situación se chega a producir.

10.4 Espazos e recursos materiais

Habilitouse o espazo da antiga Reprografía como espazo de traballo individual para o alumnado. Recórdase ao estudantado que se precisa espazos para poder realizar traballos en grupo o solicite á eme.negociado@uvigo.es para reservar a Sala de Xuntas, que ten os postos marcados e ten un aforo de 13 persoas.

10.5 Plantas fotovoltaicas

O vindeiro mes de novembro entrarán en funcionamento dúas plantas fotovoltaicas, unha na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e outra na Escola de Enxeñaría Industrial. Ambas as dúas instalacións, cun total de 784 paneis solares, permitirán cubrir de media un 30% do consumo dos centros e reducir as emisións en 138 toneladas de CO₂ cada ano, en base á información trasladada desde a Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.

No caso da EE de Minas e Enerxía, a planta terá unha potencia de 120 kW e producirá máis de 148.000 Kwh/ano para xerar arredor do 30% da enerxía consumida polo edificio. Esta instalación consta de 296 módulos fotovoltaicos e dous inversores SMA, cuxo custe se amortizará coa enerxía producida nun período estimado de cinco anos.

11 Premios e carreira profesional de membros do centro

11.1 Premios

O 9 de outubro entregáronse as Medallas de Investigación 2020 da Real Academia Galega de Ciencias. A Medalla Isidro Parga Pondal foi para catedrático da UVigo e coordinador do Grupo Encomat (Enxeñaría de Corrosión e Materiais) Xosé Ramón Nóvoa Rodríguez.

Tamén se fixo entrega do Premio de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo, ao enxeñeiro Jesús Balado, do grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/ciencia-galega-reconece-traballo-jesus-simal-xose-ramon-novoa>

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/jesus-simal-xose-ramon-novoa-medallas-investigacion-2020-real-academia-galega-ciencias>

12 Próximas actividades

12.1 Actividades da Delegación de Alumnado

Delegación de Alumnado está a organizar o programa “*ENMI talks*”, actividade herdeira do “Mes Cultural de Santa Bárbara”. Polo de agora están programadas sete conferencias, impartidas por PDI do centro e persoas egresadas.

Desde o Clube Deportivo de Minas estase organizando a carreira de Santa Bárbara virtual e un torneo de xadrez online.

Agradécese o traballo desenvolvido pola Delegación de Alumnado na organización destas charlas e a colaboración do PDI implicado.

12.2 Inspira STEAM

A Vicerreitoría de captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria informou o 6 de novembro do lanzamento da terceira edición do proxecto INSPIRA STEAM para o curso 2020/21, proxecto liderado pola Universidade de Deusto no que a Universidade de Vigo participa dende 2018. Este proxecto busca fomentar a vocación científico-tecnolóxica entre as rapazas, e baséase en accións de sensibilización e orientación a través de 6 sesións de traballo conducidas por mulleres profesionais nestas disciplinas con nenos e nenas de 5º e 6º de primaria.

O luns enviouse un correo a toda a comunidade da escola (alumnado e PDI) para invitar a participar; para as persoas que se inscriban por primeira vez no proxecto, organízase un obradoiro de formación o día 18 de novembro (dous grupos horarios)

- Grupo 1: 18-novembro de 8:30 a 11:00 e de 15:30 a 18:00
- Grupo 2: 18-novembro de 11:00 a 13:30 e de 18:00 a 20:30.

12.3 Día da Nena na Ciencia

O Día da Nena na Ciencia do ano 2021 vaise celebrar en modalidade non presencial. Para organizalo, a Unidade de Cultura Científica (UCC) da UVIGO está a coordinarse cos centros participantes á espera de coñecer o número de centros de ensinanza primaria e secundaria e os recursos cos que poden contar para o desenvolvemento online desta xornada. Na Escola están a participar as seguintes persoas:

Raquel Pérez Orozco
Ana Larrañaga
David Patiño
María Araújo
Benito Vázquez Dorrió
Raúl Figueroa
Iván Garrido
Roi Otero
Iria Feijoo
Elena Alonso
Teresa Rivas.

13 Composición equipo directivo

David Patiño Vilas, quen desempeña o cargo de Subdirector de Infraestruturas e AAEE desde marzo de 2013 cesa no seu cargo. A persoa que propón esta dirección para substituílo é Francisco Deive, profesor da área de Enxeñaría Química. David seguirá colaborando na vida do centro formando parte do equipo que coordina as actividades do programa STEMBach. Agradécese o traballo realizado por David Patiño durante estes anos como Subdirector de Infraestruturas e AAEE e como Coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía, pola súa implicación, dedicación e compromiso co centro.